



Concello de Pedrafita do Cebreiro

D. JOSE LUIS RAPOSO MAGDALENA, ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE PEDRAFITA DO CEBREIRO

FAI SABER : AXUDAS PARA A ADQUISICIÓN DE VIVENDA

DOGA núm 154. Venres 12 de agosto de 2022.

INSTITUTO GALEGO DA VIVENDA E SOLO- Resolución do 01 de agosto de 2022 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas para a adquisición de vivenda do Plan estatal para o acceso á vivenda 2022-2025 e se procede á súa convocatoria para o ano 2022

➤ **BENEFICIARIOS:** Persoas físicas maiores de idade que reúnan os seguintes requisitos.

-Posuír a nacionalidade española ou a dalgún dos Estados membros da Unión Europea ou do Espazo Económico Europeo, Suíza, ou o parentesco determinado pola normativa que sexa de aplicación. No caso de persoas estranxeiras non comunitarias, deberán contar con autorización de estadía ou residencia en España.

- Ter menos de 35 anos, incluída a idade de 35 anos, no momento de solicitar a axuda ou no momento da subscripción do contrato privado ou da escritura pública de compravenda, cando esta se realice antes da publicación da correspondente convocatoria.

- Que a vivenda estea localizada nun municipio pertencente ao territorio da Comunidade Autónoma de Galicia cunha poboación residente igual ou inferior a 10.000 habitantes

- Que a persoa solicitante e as demais persoas integrantes da súa unidade de convivencia estean empadroadas na vivenda adquirida no momento de presentación da correspondente solicitude, para o caso de dispoñer de escritura pública de compravenda formalizada con anterioridade á referida data.

- Que o prezo de adquisición da vivenda, incluídos os seus anexos, sen os gastos e tributos inherentes a ela, sexa igual ou inferior a 120.000,00 €.

- Que as rendas anuais das persoas que compoñen a unidade de convivencia sexan iguais ou inferiores a 3 veces o IPREM.....

➤ **CONTÍA DA AXUDA :** 10.800,00 € por vivenda, co límite do 20 % do prezo de venda, sen incluír os gastos e tributos inherentes a esa adquisición.

➤ **PRAZO DE SOLICITUDE:** Ata o 30 de setembro de 2022

Para máis información poden acudir ás oficinas municipais ou chamar ó teléfono 982367103

En Pedrafita do Cebreiro na data da sinatura electrónica á marxe.

O Alcalde

José Luis Raposo Magdalena

